

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	DOCUMENTO		Nº.: SC_ABA_D04
			REV: 01
	Elaborado	Aprobado	
	Equipo ABALAR	Equipo ABALAR	
Título: PROPOSTAS PARA INCLUIR NO R.R.I.			Páxina: 1 - 2

Introdución

Con motivo da nosa participación no Proxecto Abalar e a incorporación de material que isto leva implícito, faise necesario arbitrar protocolos de actuación, control e responsabilidade do mesmo. O Equipo Abalar, estivo a traballar na elaboración de normativa de uso e control para aplicar a dito equipamento, así como na detección e tipificación de faltas e sancións disciplinarias no caso de incumprimento.

Compre agora o estudo e aprobación polo Consello Escolar e a súa incorporación o Regulamento de Réxime Interno, se procede, das propostas contidas nesta proposta, así como, do conxunto dos documentos que conforman o procedemento: SC_ABA_P01.

Ámbito de aplicacións

Material: Todos os equipos do proxecto Abalar e aulas didácticas Nº 02, 03 e 04

Humano: Alumnado e equipo docente de 1º curso da ESO grupos A, B e C

Consideración de faltas

Terán consideración de faltas graves ou moi graves, en función das circunstancias na que se producen os feitos e das súas consecuencias, as seguintes:

- a) Violar as restricións que teña o portátil.
- b) A utilización da conta doutra persoa estará suxeita a accións disciplinarias e aquelas outras que a lexislación vixente determina para estes casos.
- c) Calquera intento de danar equipos, materiais, datos ou programas, será sancionado polo Regulamento de Réxime Interior do Centro. O vandalismo levará á cancelación dos privilexios de uso do portátil e a obriga de reposición dos custos orixinados pola reparación do hardware, software ou sistema.
- d) Están prohibidos os intentos de ver, copiar, modificar ou interferir o correo electrónico ou os ficheiros doutros usuarios. O incumprimento desta norma será obxecto das sancións disciplinarias que se contemplan no R.R.I.
- e) Deberase empregar unha linguaxe apropiada; as palabras malsoantes, os insultos racistas e calquera outra expresión inadecuada están prohibidas e serán obxecto das correccións disciplinarias establecidas ao respecto no R.R.I.
- f) Transmitir ou ver imaxes obscenas ou material ilegal.
- g) Revelar información persoal.
- h) A falsificación ou o seu intento.
- i) Os intentos de degradar ou interferir o sistema, serán contemplados coma unha violación das directrices e/ou coma unha actividade criminal suxeita a lexislación vixente.
- j) Finxir ser outra persoa cando se envían ou reciben mensaxes.

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	DOCUMENTO		Nº.: SC_ABA_D04
			REV: 01
	Elaborado	Aprobado	
	Equipo ABALAR	Equipo ABALAR	
Título: PROPOSTAS PARA INCLUIR NO R.R.I.			Páxina: 2 - 2

k) O sistema/rede non poderá ser utilizado con propósitos ilegais.

Sancións

O alumnado deberá cumprir e respectar en todo momento a normativa de uso establecida de maneira xenérica no R.R.I e a que aquí se especifica para o equipamento das aulas ABALAR, sabendo que o incumprimento da mesma acarreará, ademais, calquera das sancións que se establecen no devandito Regulamento.

As sancións que se poderán contemplar, en función da gravidade da falta ou incumprimento da normativa serán, entre outras:

- a) Cando se detecte que a avaría do portátil ten a súa orixe nun uso indebido do mesmo, o portátil non se lle devolverá ao alumno. Neste caso arbitraranse as medidas correctoras a que houbese lugar, recollidas nesta normativa ou no R.R.I do Centro.
- b) Cando se detecte que un alumno está a ter avarías graves debidas ao uso indebido ou ao coidado pouco esmerado, procederase a retirarlle o equipo polo tempo que se considere oportuno. En casos moi graves poderá ser suspendido definitivamente do seu uso.
- c) As avarías provocadas non están cubertas pola garantía, polo que se o servizo técnico comproba que a avaría non foi fortuíta, será o alumno o que terá que pagar o custo da mesma.

Relación de documentos que se xuntan:

- SC_ABA_P01 Control de aula Abalar
- SC_ABA_D01 Informe ás familias
- SC_ABA_D02 Informe o profesorado
- SC_ABA_D03 Informe de incidencias
- SC_ABA_I01
- SC_ABA_I02 .
- SC_ABA_I03.